

## Episodios da cultura científica

>> Vén da páxina anterior

Na Xunta do 13 de xaneiro de 1913, elixiuse como novo presidente a Roque Ponte, ocupando a vicepresidencia Alfredo de Lafuente e a secretaría xeral Luis Mayor. O último acto da institución tivo lugar en 1918, co gallo da celebración do Congreso de Pesca en Madrid. Luis Mayor acudiu por petición do Alcalde accidental, Gerardo Abad Conde, como representante do Sub-Comité, unha entidade que vivía das cotas dos seus socios e cando Facenda quixo cobrar a contribución polo edificio a institución non puido facer fronte aos gastos e iso provocou a súa desaparición.

### O estudo das correntes mariñas

Un tema que resultou prioritario para a sociedade oceanográfica coruñesa foi o do seguimento das correntes, tarefa na que, como vimos, iniciou o seu labor. O propio 1906, cando a entidade levaba varios meses funcionando, visitou as costas galegas o buque francés *Andrée*. Participaba unha campaña organizada pola "Société d'Océanographie du Golfe de Gascogne" para o estudo das correntes superficiais en base ao lanzamento de flotadores, proxecto que dirixía o doutor James Woolonghan, cónsul de Mónaco en Bordeos e administrador da Société.

En Ferrol uníronse á expedición varios membros do Sub-Comité coruñés. Ademais do tema dos flotadores fixéron captura de plancto e estudaron a escaseza de pesca. Asemade, Woolonghan e Nicolás Manlay-Bendall, secretario xeral da Société, impartiron na Coruña conferencias sobre a

alimentación da sardiña e a dirección das correntes mariñas. Ese mesmo mes de agosto o Sub-Comité acadou, grazas ás xestións de Eduardo Vila, que o Goberno puxera á súa disposición o "cañonero" Marqués de la Victoria e entre os días 6 e 9 Bertrand e Vila lanzaron desde a súa cuberta 200 flotadores ao longo da costa galega.

A sociedade oceanográfica participou cunha modesta subvención na expedición do buque Jacques Cartier polo Ártico e o presidente acudiu en 1907 á Exposición marítima Internacional de Bordeos. Presentou no evento unha interesante colección de peixes, crustáceos e moluscos. Fora confeccionada en base a exemplares facilitados por armadores de barcos pesqueiros, a contribución do socio Manuel Puga Pequeño e o labor de José Bernárdez Ojén, taxidermista da institución. Entre os elementos presentados figuraba un grande escualo (5 metros), denominado daquela *No-*



Membros da sociedade oceanográfica coruñesa e da tripulación a bordo do buque 'Andrée', 1906 (foto Sellier). | SELLIER

*tidanus griseus*, capturado no Cabo Vilán o 26 de outubro de 1906 e outro de 1,14 metros, *Chlamydoselachus anguinus*, especie moi rara. Bertrand envioulle ao director do Museo de Ciencias de Madrid, Ignacio Bolívar, fotos dos animais comentados e este presentou unha

nota sobre o tema no Boletín de la Real Sociedad Española de Historia natural (1907). Nela afirmaba que "Ha descubierto el Sr. Bertrand un líquido conservador a base de formol y glicerina, pero en preparaciones que dan un excelente resultado...". É posible que o líquido fose elaborado por Bernárdez (que recollía os

exemplares dos armadores e procedía á súa conservación), xa que tamén no breve artigo as fotos son atribuídas a Bertrand e eran obra de José Sellier. En todo caso, o Sub-Comité obtivo en Bordeos un diploma de honra pola súa participación e unha medalla de ouro e bronce a Eduardo Vila e José Bernárdez.

En xullo de 1909 a Liga Marítima de La Coruña puxo a disposición da sociedade oceanográfica o vapor *Oregón* e diversos socios puideron acompañar a Alfonso XIII en Ferrol e na viaxe por mar ata Coruña. A institución herculina apoiou a creación dos clubs náuticos de A Coruña e Vigo e, en 1913, acordou solicitar a constitución dunha estación biolóxica na Coruña. Editou diversas publicacións, como *Oceanografía* (1908), folle-



Foto do 'Notidanus griseus' capturado no Cabo Vilán o 26 de outubro de 1906 (presentado en 1907 á Exposición marítima Internacional de Bordeos).

to divulgativo obra do enxeñeiro Guillermo S. Thomson, e o *Discurso pronunciado en la sesión del Congreso el día 20 de octubre de 1908 por el diputado a Cortes por La Coruña D. José del Moral y Sanjurjo relativo al proyecto de comunicaciones marítimas*.

A instalación dun observatorio meteorolóxico no pavillón oceanográfico foi un dos principais obxectivos e éxitos do Sub-Comité, como explicamos noutro episodio. A in-

formación recollida nese observatorio figuraba no propio local e tamén era reproducida polos xornais locais. Eventos importantes na vida da institución coruñesa foron as visitas do Príncipe de Mónaco e Jean Baptiste Charcot, como tamén xa comentamos.

### Relación coa sociedade oceanográfica guipuscoana

A vitalidade inicial da sociedade oceanográfica coruñesa púxose de

manifesto no interesante proxecto de crear unha "Sociedad Española de Oceanografía del Cantábrico", que tería o seu comité directivo en A Coruña, para o que pretendía unir á Estación de de Biología Santander, o Observatorio meteorolóxico de Igueldo e o propio Sub-Comité.

A iniciativa non foi adiante pero os contactos co observatorio donostiarra fixéron que a entidade herculina participara nos primeiros pasos da "Sociedad Oceanográfica de Guipúzcoa", a segunda constituída no ámbito español, o 19 de setembro de 1908. Para os vascos o Sub-Comité serviría de referencia, mantendo numerosos contactos e unha intensa colaboración. Etienne Bertrand asistirá en San Sebastián ás primeiras reunións dos seus colegas, onde explicou o labor realizado na Coruña. Un dos primeiros acordos da nova entidade foi que "para toda clase de trabajos científicos marche de acuerdo y se entienda directamente con el Real Subcomité Oceanográfico de La Coruña". Cando Bertrand deixou A Coruña debeu trasladarse para San Sebastián, pois se integrou na sociedade donostiarra como vogal e encargado do Laboratorio biolóxico. Posteriormente, a sociedade oceanográfica donostiarra apoiou aos seus colegas coruñeses na demanda dun observatorio meteorolóxico.

Remataremos este episodio aludindo a un detalle curioso. Como vimos, o período final da sociedade oceanográfica coruñesa tivo lugar en tempos do remate da Primeira Guerra Mundial. Dous dos fundadores do Sub-Comité herculino participaron, Gilard desde A Coruña e Bertrand desde Corcubión, como informadores das autoridades galas sobre os movementos de barcos e foron expulsado da neutral España en 1917.